

**En recordo de Manuel Rodríguez López, o gran poeta de Paradela,  
nos vinte e cinco anos do seu pasamento.**

Amigo Manuel:

Se me puideses escoitar a ben seguro que coincidirías comigo en afirmar que os homes pasan, pero os seus sentimentos, a súa bonhomía e as súas obras permanecen viventes no tempo, transmitíndose de xeración en xeración, en tal grao que a forza do seu arraigamento social vai depender de cómo aquelas recollen de maneira creativa a experiencia vivida polo autor en sintonía coas tradicións e adversidades que viven as persoas do seu entorno e doutras máis distantes en circunstancias distintas, pero coincidentes nas carencias humanas máis elementais.

Desde esa perspectiva confésoche, Manuel, que podes estar tranquilo, pois, a túa obra e a mensaxe que dela se desprende, unida a frescura da linguaxe que empregas, reflexa moi ben os teus xustos sentimentos en defensa dos dereitos dos seres máis humildes e desfavorecidos, referidos a unha sociedade que vai desde os anos corenta ata aos noventa do pasado século e, ademais, ten plena vixencia na actualidade, proxectándose con forza de cara ao futuro, xa que os valores que defendes son intemporais.

Hoxe en día, recordado veciño, sorprenderíate comprobar como en España, un país rico, desenvolto e non moi poboado, está proliferando o paro e a pobreza. A clase media, aquela que con tanta responsabilidade e sacrificio soubo levar a cabo a transición á democracia, soportando os envites dos de enriba e dos de embaixo, vai practicamente desaparecida, e uns poucos ricos acaparan máis do 90% da riqueza nacional. Xa ves como os valores polos que

tanto loitaches aínda seguen imperantes na actualidade, e como as desigualdades sociais se acentúan; uns non teñen casa onde acocharse ou bótanos dela, e outros non saben que facerlle a tantos cartos. Na túa rica e solidaria obra, froito da sensibilidade e bonhomía que por natureza e convicción te adorna, nunca deixaches de defender ós seres máis humildes e, entre eles, os pobres emigrantes que con tanta tristura tiveron que renunciar ao que máis querían, a cambio da incertidume e da vida servil que se lles viña encima. Por iso escribes en **"Falso Espellismo"**, referido a tempada estival de xullo-agosto... **"Reencontro do emigrante coa terra tras longos meses de obriga e dorosa ausencia...Meses de ilusión e de agasallos, meses de festa para os lugueses que se reencontran cos irmáns ó voltaren á terra. Se fora para sempre...Canto espellismo e falsas quimeras !** E noutra parte que intitulas **"Falsa Visión"**, en referencia **"O Espirito da Terra, da Auténtica Galicia"**, afirmas que **"Galicia, o Espirito da Terra, é vivencia e linguaxe, luz e vizosas veigas, o que sente o emigrante en longas nacións, o que poucos valoran no seu propio terrón"**. O gran poeta de Paradela sabía por experiencia propia que os homes e mulleres que teñen que ir a lugares descoñecidos, en busca de mellor fortuna, sofren máis a nostalxia que os que se quedan **"no seu propio terrón"**. Porque, sen dúbida, no lugar onde un nace hai estabilidade anímica aínda que a vida sexa sacrificada; na emigración, desarraigo social e incertidume. Por iso non se cansa de cantar, unha e outra vez, a soidade na que vive o emigrante, nin de aldraxar **"á dona que no pazo folga, e á burguesa que esqueceu a lingua e a caste súa"**.

O espírito do noso gran humanista verte bágoas por dentro, por mor da dor, da tristura que lle provoca o éxodo dos seres máis indefensos e, entre eles, as mulleres con fillos e as mozas. En harmonía con eses sentimentos fai purificación ou catarse da súa angustia, expresándoa deste xeito:

"Onte chegaches para pedir traballo á gran cidade; que deixaches, dona, os cativiños e o marido lonxe nunha casoupa...Da noite roubas horas de descanso e fas roupiña prós meniños teus; comes codelos para aforrar os Cartos do longo mes...Donas e mozas a milleiros fuxen a terra extraña, percurando o pan...Fica ermo o pobo, soio quedan vellos, homes eivados, silvas, corgas, nenos..."

"O meu poema, mesturado en sangue, alauda á probe e a emigrante cansa do vieiro longo, do camiño choído, desfeita en bágoas...Eu canto á dona que en lonxanos eidos soña os seus nenos !...Eu canto á moza que en cidade allea soña ca aldea !...Eu canto á avoa que acanea a filla da súa filla !"

A paisaxe humana que, con tanto acerto, retrata o noso delicado poeta é desoladora pero real como a vida mesma. El coñece, coma ninguén, o mundo da fábrica e a vida trepidante, autómatas, impersoal, masificada e cosificada da gran cidade, onde a persoa se ten que acoplar irremediabilmente a ese monstro social aplastante se quere subsistir; e nos versos do poema "Boto de Falta o Terrón", revive na súa esencia os contrastes diferenciais entre ricos e pobres, retratando nel esa complexa realidade con queixume e acerto, manifestando que "trinta longuísimos anos esmáganme a ialma sempre arrodado de asfalto e ladrillos, cheo de reloxes, minutos e présas,...rexos semáforos, longas agardas, metros que fedem as sudas de eternos xentíos, berros, protestas no bus, rempuxós, coches, tranvías, camións e motos que brúan e fenden ouvidos; craras, patentes diferencias sociais, brancos chalets, residencias de ricos, tristes barracas no probe arrabal, nenos sen pan, sen escolas e espidos..." E termina implorando que bota "de falla o terrón",... "chor magoado, no

**cárcel da vila o meu sino e ergo as pálebras o ceo pescudando un indulto pra ista cadea perpetua que vivo”.**

Os seus pensamentos e sentimentos estiveron sempre guiados por ideais e valores enxebres, tales como:

O amor á terra que o viu nacer... **“que verde e garimosa a terra miña”**. A defensa da nosa lingua,... **“a linguaxe que eu falo...e que escribín cheo de amor pras nosas xentes**; a saudade ao contemplar o desamparo da pobre vellez... **“onte vin un velliño cunha caiada que choraba na porta da igrexa sacra...Turistas, novos ricos, ningunha ollada lle deron ó pasar, pero dan cartos pro crego e mais pras ánimas sen lembrarse dos probes que soios bágoan”**.

O recordo das nosas tradicións e costumes relacionadas cos traballos do campo: **“xa chegan as mallas. O pan, enmedado, agarda o rapaz que ten que tiralo... gusta ver as mozas que falan berrando por mor do ruído do motor borracho...Gusta ver os mozos na palla carreando, valentes e fortes, sen sentir cansancio...Acabado todo camiñan pra Pacios...”**;a morriña que o acompañará sempre ao verse privado desde a súa tenra infancia da ledicia que lle producían as instantáneas labregas no entorno de Paradela. Por iso se queixa... **“Con saudade me lembro, Galicia, do maiguiño renxer dos teus carros, que recrean con berros melosos os ouvidos do nobre aldeano...Canto sempre de ti me lembro, canto peno da terra emigrado...Terra que vai dende o Tournal ó Loio, veiga onde nacín, doce, verde, cunca camiño do romeiro a Compostela...Polo mundo emigrante, triste, soio, estarei lonxe, pro...esquecerte Nunca ! Patria dos meus antergos, PARADELA !**

A gran capacidade de observación e intuición do noso ilustre personaxe acréditano para testemuñar e proclamar con obxectividade os problemas que aflixen ao labrador e os entes ou entidades que axudan a escravizalo. Son as vivencias desas traxedias humanas as que lle inspiran con tan alto grao de realismo os seguintes versos:

**“Eu comprendo que xure o labrego / e maldiga o mal fado que o roe / esquecido de Deus e a xusticia / aburado por mil traidores / nunha aldea perdida no mundo / isolado no medio do monte / todo un ano traballa, traballa / pra vivir cheo de mágoas e dores”.**

Cando estas túas verbas transcribo, amigo Manuel, non podo deixar de verme retratado na miña aldea aló polos anos cincuenta. Unha aldea coma a que describes, illada, sen estrada, sen luz eléctrica, nin escola; onde os labradores traballabamos de sol a sol, segando no pan ou na herba; sachando e recollendo as patacas e o millo, etc.

**“O cacique, namentras, arranxa do aldeano papés, pasaportes...pra que emigre a lonxanos países en percuero de libras e dólares...”**

**“Bo negocio albiscaron os Bancos / Co traballo dos fillos dos probes / e os camiños abriron da Europa / pra que, escravos, pra iles aforren...”**

**“Non coidache, emigrante ou labrego, que ti mesmo buscáche-la morte ó entregar ó banqueiro os teus cartos que lle rentan o cento por nove?”**

**"Fan pantanos e granxas e esmorgas cos diñeiros que chegan de lonxe, longas veigas enagan coa iauga. Se queres luz has de pagar hasta os postes. O seu gando dará beneficios. Vendera-lo teo gando se podes".**

**"Onde están os teus fillos? Onde anda a mocedá?"**

**"Que facedes, meus vellos, nisa pecha soedá?"**

**"Fuxiron a outras terras en percuo de pan; enxamais ó seu pobo, quizaves, tornarán".**

**"O intermediario paga os pitos e as patacas a prezos de miseria pra encher as súas sacas e o becerreiro gana nunhas horas de trato o que o noso labrego perde por moi barato".**

O ilustre poeta de Paradela adéntrase con tanto atino nas entrañas da realidade social que lle tocou vivir que os seus coetáneos asumimos, sen ambaxes, que a análise que fai de certos personaxes e sectores sociais daquela época é plenamente obxectivo.

Chegados a este intre, amigo Manuel, quero pedirche licenza para que me permitas dar por terminada esta sinxela reflexión acerca da túa gran obra literaria, a fin de que outras persoas con máis autoridade na materia poidan abundar en sutilezas que a min se me escapan. E tamén desexo aclararche que se me veño dirixindo a ti en primeira, segunda ou terceira persoa é porque considero que a esencia do teo ser, as túas ideas e sentimentos son transcendentales e, por conseguinte, permanecen vivos a través do tempo.

O Concello de Paradela coa creación do Certame Literario, instituído na túa honra, está divulgando, con gran acerto, ano tras ano (e xa van dezanove) os valores da túa obra, de tal xeito que xa é coñecida alén das nosas fronteiras, e vai crescendo significativamente o número de participantes en cada certame anual. E por enriba de todo, amigo Manuel, asegúroche que a túa querida familia, que xamais te esquece ; o Concello e os teus amigos de toda a vida loitan sen tregua para que, a través da información moderna máis sofisticada, as autoridades das institucións provinciais e, sobre todo, as das autonómicas tomen conciencia do teu enorme legado humanista, e che dediquen o recoñecemento público de gran abandeirado na defensa da lingua galega e dos valores culturais que sobradamente téis acreditados.

Lugo, 18 de febreiro, 2015

Ángel Fernández López